

## BOLSA DE EMPREGO OPERARIOS/AS PEÓNS RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS 2º EXERCICIO

O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Leido Estatuto Básico do Empregado Público, como Operario-Peón, integrado no grupo E, na súa sesión do día 5 de xullo de 2021, acordou, entre outras cousas, o seguinte:

"Procedemos, en primeiro lugar, a analizar a reclamación presentada por un/unha dos/as aspirantes, que solicita se revise a puntuación outorgada polos motivos expostos na mesma.

Salientar que parte da base de que cada unha das tres partes do exercicio sería cualificada de forma proporcional, cando xa se sinalou na acta correspondente que serían cualificadas con 4 (ferramentas), 3 (formigón-morteiro) e 3 (desbrozadora) puntos respectivamente. Revisadas as puntuacións outorgadas por cada membro do órgano de selección é de salientar que outorgóuselle por todos eles a máxima puntuación nas dúas últimas partes. Non así na parte correspondente ao recoñecemento das ferramentas. A este respecto é de ter en conta que cada membro do órgano de selección con dereito a voto valoraba non só o recoñecemento en si da ferramenta senón as dúbidas que podía presentar o aspirante no mesmo, non sendo outorgada a mesma puntuación ao aspirante que sinalaba sen lugar a dúbidas o nome da ferramenta que ao que dubidaba no mesmo. Revisadas as puntuacións outorgadas polos membros do órgano de selección, ratifícanse nas mesmas.

Como consecuencia do anteriormente sinalado o órgano de selección, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda desestimar a reclamación presentada."

O que se comunica aos efectos oportunos.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- Lucio C. Varela Borreguero

O PRESIDENTE DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- Aurelio Adán Fernández

